

**I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA  
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA  
PARA O ANO 2006**



## ***1. ÁMBITO, CONTIDO E ESTRUCTURA***

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma integran os correspondentes a cada un dos diferentes axentes que participan no desenvolvemento da súa actividade económico–financeira.

Consonte á clasificación que establece o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, eses axentes, que canalizan todas as actuacións do sector público autonómico, son os seguintes:

- a) A propia Comunidade Autónoma, a través do orzamento da Administración Xeral.
- b) Os Organismos Autónomos, con orzamentos independentes para cada un deles.
- c) As Sociedades Públicas de carácter mercantil, que dispoñen de orzamentos de explotación e de capital.
- d) Os demais entes públicos aos que fai referencia o artigo 12 da citada lei, é dicir, as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñan que adecuar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado. Esas entidades veñen obrigadas á presentación dos mesmos estados financeiros que no caso das sociedades mercantís.

Dentro do orzamento da Administración Xeral aparecen incluídos os da Presidencia, os da Vicepresidencia, e os xestionados polas distintas consellerías, ademais dos que corresponden a determinados organismos que poden ter a súa orixe no Estatuto de Autonomía ou simplemente nunha lei ordinaria na que está prevista a integración dos seus orzamentos nos da Comunidade Autónoma.

Dese modo tamén integran os seus orzamentos nos da Administración Xeral, o Parlamento de Galicia, o Consello de Contas de Galicia, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia. Figuran igualmente como

seccións independentes as Transferencias a Corporacións Locais, a Débeda Pública, e os Gastos de Diversas Consellerías, que tanto polas súas características como pola natureza do gasto parece aconsellable que sexan incluídos como seccións específicas.

Os Organismos autónomos, que rexen a súa actividade polo Dereito público, e por outro lado as Sociedades públicas mercantís e os Entes públicos que por lei teñen que adecuar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado, integran a que se coñece convencionalmente baixo o nome de Administración Institucional.

Como organismos autónomos de carácter administrativo figuran os seguintes :

- Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
- Escola Galega de Administración Pública.
- Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.
- Instituto Galego de Estatística.
- Tribunal Galego de Defensa da Competencia.
- Instituto Galego de Consumo.
- Servizo Galego de Saúde.
- Augas de Galicia.

Á súa vez, a relación de organismos autónomos de carácter comercial, industrial e financeiro ou análogo é a seguinte :

- Fondo Galego de Garantía Agraria.
- Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.
- Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Co carácter de Entes públicos de dereito privado, os orzamentos para o ano 2006 inclúen os seguintes:

- a) Adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia:
  - Compañía de Radiotelevisión de Galicia, que consolida os seus orzamentos con Televisión de Galicia, S.A., e Radiotelevisión de Galicia, S.A., sociedades por ela constituídas.

- b) Adscritos á Consellería de Economía e Facenda:
  - Consello Económico Social.
  - Instituto Galego de Promoción Económica.
  - Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable.
- c) Adscrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes:
  - Portos de Galicia.
- d) Adscrita á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:
  - Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional.
- e) Adscrito á Consellería de Innovación e Industria:
  - Instituto Enerxético de Galicia.
- f) Adscrita á Consellería do Medio Rural:
  - Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- g) Adscrita á Consellería de Cultura e Deporte:
  - Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- h) Adscritas ao Servizo Galego de Saúde:
  - Fundación Pública Hospital de Verín.
  - Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía.
  - Fundación Pública Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira.
  - Fundación Pública Hospital Comarcal da Barbanza.
  - Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria.
  - Fundación Foro Permanente Galego e Iberoamericano de Saúde.
  - Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia.
  - Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés.
  - Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.
  - Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
- i) Adscrito á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos:
  - Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

j) Adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

- Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

No ano 2006, as sociedades mercantís nas que o sector público autonómico posúe a participación maioritaria no seu capital son as que se indican de seguido, con expresión do departamento ao que figuran adscritas:

a) Presidencia da Xunta de Galicia:

- Televisión de Galicia, S.A.
- Radiotelevisión de Galicia, S.A.
- Redes de Telecomunicación Galegas, Retegal, S.A.

b) Consellería de Economía e Facenda:

- Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.
- S.A. para o Desenvolvemento Industrial de Galicia.
- Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
- Xes Galicia, S.A.
- Sociedade Pública Autoestrada Alto de S. Domingo-Ourense, S.A.

c) Consellería de Innovación e Industria:

- Galicia Calidade, S.A.
- Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia.
- Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.
- Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.

d) Consellería do Medio Rural:

- Xenética Fontao, S.A.
- Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.

e) Consellería de Sanidade:

- Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.

f) Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:

- Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

g) Consellería de Vivenda e Solo:

- Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.
- Xestión Urbanística de Lugo, S.A.
- Xestión Urbanística de Ourense, S.A.
- Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.

Cadro nº 1

**Ámbito dos Orzamentos Xerais para o ano 2006**

<b>COMUNIDADE AUTÓNOMA</b>	<b>OO.AA.</b>		<b>Sociedades Públicas</b>	
<i>SECCIONS</i>	<i>Admtvos.</i>	<i>Com. ind. e financ.</i>	<i>Entes públicos</i>	<i>Sociedades mercantis</i>
Parlamento				
Consello de Contas				
Consello Cultura Galega				
Presidencia da Xunta			CRTVG	TVG S.A. RTVG S.A. RETEGAL S.A.
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	SGPIHM			
Presidencia, Admons. Públicas e Xustiza	EGAP CEXSPG			
Economía e Facenda	IGE  Tribunal Galego Defensa Compet.		C E S IGAPE CIXTEC	CEEI Galicia S.A. SODIGA SPI Galicia S.A. XES Galicia S.A. S.P. Autoestrada A de S. Dom-Ourense S.A.
Política Territorial Obras Públicas e Transporte			Portos de Galicia	
Educación e Ord. Universit. Innovación e Industria	IGC		A.X.Int. Cal. F.P. Instituto Enerxético de Galicia	S.A. Centro Supercomput. de Galicia Galicia Calidade S.A. S.A. Xestión Xacobeo S.I.P.T. Galicia S.A.
Medio Rural		FOGGA	Axencia Galega de Desenv. Rural	S.A. Desenv. Comarcal Xenética Fontao S.A.
Cultura e Deporte		IGAEM	F. Cidade da Cultura de Galicia	
Sanidade	SERGAS		H. Verín I.G.Oftalmol. H. V. Xunqueira H. A Barbanza E.G.Admón.S. F.P.G.I.Saúde F.P. Urxencias Sanit. Galicia F.P. H.C. do Salnés F.P.C. Transfusión F.P. de Medicina Xenómica	MEDTEC S.A.
Pesca e Asuntos Marítimos			Inst. Tec. Control Medio Mariño	
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	Augas de Galicia		Obras e Serv. Hidrául.	SOGAMA S.A.
Traballo				
Vivenda e Solo		IGVS		Xestur Coruña S.A. Xestur Lugo S.A. Xestur Ourense S.A. Xestur Pontevedra S.A.
Consello Consultivo de Galicia				
Transferencias a CC.LL.				
Débeda Pública				
Gastos Diversas Consellerías				

Respecto ao contido da Lei de Orzamentos hai que distinguir entre o texto articulado da lei e os estados numéricos, figurando dentro destes últimos os estados de gastos e ingresos e os estados financeiros dos organismos autónomos e das sociedades públicas.

Nos estados de gastos especificanse os créditos autorizados, necesarios para dar cumprimento ás obrigas máximas que se poderán recoñecer.

Nos estados de ingresos detállanse as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario.

En canto aos estados financeiros, propios dos organismos autónomos comerciais e das sociedades públicas, a súa composición en cada caso será a indicada na Lei de réxime financeiro e orzamentario.

Cadro nº 2

*Contido da Lei de Orzamentos Xerais*

<b>a) Texto articulado</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ <i>Aprobación dos orzamentos</i></li> <li>◆ <i>Previsión de ingresos e autorización de gastos</i></li> <li>◆ <i>Ordenación xurídica da actividade orzamentaria</i></li> </ul>										
<b>b) Estados numéricos</b>	<table border="0" style="width: 100%;"> <tbody> <tr> <td style="width: 50%; vertical-align: top;">◆ <i>Estado de gastos</i></td> <td style="width: 50%; vertical-align: top;">-Da Admón. Xeral</td> </tr> <tr> <td style="vertical-align: top;">◆ <i>Estado de ingresos</i></td> <td style="vertical-align: top;">-Dos OO.AA. Administrativos</td> </tr> <tr> <td></td> <td style="vertical-align: top;">-Dos OO.AA. Comerciais</td> </tr> <tr> <td style="vertical-align: top;">◆ <i>Estados financeiros</i></td> <td style="vertical-align: top;">-Dos OO.AA. Comerciais</td> </tr> <tr> <td></td> <td style="vertical-align: top;">-Das Sociedades Públicas</td> </tr> </tbody> </table>	◆ <i>Estado de gastos</i>	-Da Admón. Xeral	◆ <i>Estado de ingresos</i>	-Dos OO.AA. Administrativos		-Dos OO.AA. Comerciais	◆ <i>Estados financeiros</i>	-Dos OO.AA. Comerciais		-Das Sociedades Públicas
◆ <i>Estado de gastos</i>	-Da Admón. Xeral										
◆ <i>Estado de ingresos</i>	-Dos OO.AA. Administrativos										
	-Dos OO.AA. Comerciais										
◆ <i>Estados financeiros</i>	-Dos OO.AA. Comerciais										
	-Das Sociedades Públicas										



No referente a súa estrutura a elaboración dos Orzamentos xerais ven determinada polo artigo 49 da Lei de réxime financeiro e orzamentario, que establece as seguintes regras:

- a) Os estados de gastos confeccionaranse aplicando unha clasificación funcional por programas que identifica a finalidade do gasto. Por outra parte, as clasificacións orgánica e económica informarán, respectivamente, sobre o axente que realiza o gasto e a natureza do mesmo.
- b) Para cada programa de gasto estableceranse os obxectivos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignen, e tamén, cando sexa posible, os indicadores de seguimento que se consideren adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
- c) Os gastos correntes e os gastos de capital presentaranse de forma separada. A súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
  1. Nos créditos para gastos correntes distinguíranse os destinados a soportar o funcionamento dos servizos, os que se asignan a gastos financeiros no capítulo III e os que financian transferencias correntes.
  2. Nos créditos para gastos de capital distinguíranse os destinados a investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas o gasto orzamentario adopta unha triple clasificación:

**Funcional por programas**, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.

**Orgánica**, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.

**Económica**, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Cadro nº 3

*Estrutura do Orzamento de Gastos*

◆ Clasificación funcional	<ul style="list-style-type: none"> <li>◇ Grupos de funcións</li> <li>◇ Funcións</li> <li>◇ Programas</li> </ul>
◆ Clasificación orgánica	<ul style="list-style-type: none"> <li>◇ Seccións</li> <li>◇ Servizos</li> </ul>
◆ Clasificación económica	<ul style="list-style-type: none"> <li>◇ Capítulos</li> <li>◇ Artigos</li> <li>◇ Conceptos</li> <li>◇ Subconceptos</li> </ul>

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos do exercicio, o citado artigo 49 dispón a súa presentación conforme a unha clasificación exclusivamente económica, na que deberá distinguirse entre os que corresponden a operacións de natureza corrente e os previstos para o financiamento de operacións de capital.

Cadro nº 4

*Estrutura do Orzamento de Ingresos*

◆ Clasificación económica	<ul style="list-style-type: none"> <li>◇ Capítulos</li> <li>◇ Artigos</li> <li>◇ Conceptos</li> <li>◇ Subconceptos</li> </ul>
---------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Por último, en canto ás empresas públicas do artigo 12 da Lei de réxime financeiro e orzamentario, a súa estrutura orzamentaria difire da establecida para a Administración Xeral e para os organismos autónomos.

As sociedades deberán presentar uns orzamentos de explotación e de capital, un cadro de financiamento, un balance de situación e unha conta de perdas e ganancias. Ademais, no caso de realizaren investimentos en infraestruturas públicas aportarán a descrición deles, así como, no seu caso, dos compromisos adquiridos para futuros exercicios respecto do seu financiamento.

## **2. *EVOLUCIÓN DAS PRINCIPAIS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS***

Os orzamentos do ano 2006 ascenden a 9.911,7 millóns de euros. Experimentan un incremento do 9,0%, que supera en máis de dous puntos ao crecemento previsto da actividade económica. Representan un gasto de 3.591 euros por habitante. E resultan equivalentes a unha cifra que se sitúa en torno ao 20,4% do PIB de Galicia.

Ese crecemento ven inducido polo favorable comportamento dos recursos tributarios, moi acusado no conxunto dos tributos cedidos á Comunidade Autónoma, especialmente dos cedidos antes do ano 2001, e algo menor no caso dos tributos compartidos. Pero sobre todo está apoiado pola aportación das transferencias do Estado que forman parte do sistema de financiamento, reforzadas no actual exercicio polas melloras introducidas a raíz da última reunión da Conferencia de Presidentes, entre as que destacan, en termos cuantitativos, os maiores ingresos derivados da actualización ao ano 2004 dos datos de poboación protexida e de poboación maior de 65 anos utilizados na determinación do financiamento sanitario, e a aportación de anticipos a conta da liquidación definitiva dos tributos cedidos e do Fondo de Suficiencia.

Todo iso proporciona un aumento do 10,2% nos ingresos correntes, que se converte nun 9,6% para o conxunto dos ingresos non financeiros como consecuencia do moito máis atenuado crecemento dos Fondos europeos do capítulo VII, no último ano de vixencia dos actuais programas operativos. Os recursos dispoñibles neste exercicio son finalmente incrementados por medio do endebedamento autorizado na Lei de Orzamentos, por importe de 140 millóns de euros, que supera nun 8,3% ao do ano anterior.

A prioridade dual destes orzamentos –servizos públicos de calidade e crecemento económico– correspóndese por un lado coa presenza do gasto máis directamente vinculado ás políticas de corte social dentro das operacións

correntes, que crecen un 10,0%. Pola súa parte, o incremento dos investimentos realizados a través dos capítulos VI e VII, propiciatorios da formación de capital necesaria en todo proceso de desenvolvemento económico, representa un 10,3%. Para chegar a esa cifra foi necesario conseguir un elevado aforro corrente, que supera nun 12,7% ao do anterior exercicio. Alcanzar unha taxa semellante unicamente resulta posible, ademais de polo bo comportamento dos ingresos correntes, mediante a contención dos gastos de funcionamento dos servizos menos asociados ás prioridades de carácter social establecidas. En relación cos investimentos orixínase unha pequena necesidade de financiamento, 28,9 millóns, irrelevante en termos de PIB e de porcentaxe sobre os ingresos totais (0,3%), que ten pleno encaixe nos obxectivos de estabilidade orzamentaria asignados a esta Comunidade Autónoma e no seu Plan Económico Financeiro 2004–2006.

Nuns orzamentos orientados ao crecemento e modernización económica e ao reforzamento da calidade dos servizos esenciais, os programas dirixidos á dotación de infraestruturas básicas e de transporte, e os programas de investigación, experimentan fortes incrementos, unicamente superados de forma agregada polos programas de reordenación industrial e desenvolvemento empresarial. Pola súa parte, os programas de sanidade e de educación, que con independencia da importancia estratéxica desta última para o desenvolvemento económico desempeñan un papel fundamental na cohesión social de Galicia, absorben un 59,8% do crecemento total do gasto deste exercicio. No caso da Sanidade, con diferenza a maior receptora de recursos orzamentarios, asígnanselle créditos que superan nun 11,7% aos dispoñibles no exercicio precedente. Aínda maior, en termos relativos, resulta a atención prestada ás actuacións de promoción do emprego, que disporán de dotacións que superan nun 18,9% ás asignadas no ano 2005, e ás políticas en materia de vivenda, que crecen un 14,54%, configurando outra parte significativa da orientación social destes orzamentos, completada a través dos importantes programas de protección social.